



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Listaxe de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso para a selección dun Peón (APROL 2024)

Por Resolución desta Alcaldía nº 161/2024 de data 20 de maio de 2024 aprobouse a listaxe de candidatos admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso para selección dun Peón, ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL rural) (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro), así como o nomeamento do Tribunal seleccionador.

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 20 de maio de 2024. O ALCALDE Andrés Feal Varela

“RESOLUCIÓN

**ASUNTO: ADMISIÓN CANDIDATOS E NOMEAMENTO TRIBUNAL SELECCIÓN PEON APROL
EXPEDIENTE: 2024/G003/000165**

ANTECEDENTES:

A Xefatura Territorial na Coruña da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante Resolución do 19 de abril de 2024, aprobou a concesión dunha subvención por importe de 16.107,79 €, para a contratación dun Peón durante un período de 9 meses, para a realización das obras contidas no proxecto denominado PROXECTO DE LIMPEZA DE ESPAZOS NATURALS PARA CONSERVACIÓN e TAREFAS DE APOIO NO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS, ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL rural) (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro).

Por Resolución desta Alcaldía de data 02/05/2024, aceptou a citada subvención e acordou presentar na Oficina de Emprego de Betanzos a correspondente oferta de emprego no modelo normalizado para o efecto, de acordo coa base 14.^a da convocatoria, sen que conteña ningún requirimento especial que non sexa a categoría profesional, e determinou aplicar para realizar a valoración para a selección definitiva dos candidatos, os criterios establecidos no punto 10 das Bases elaboradas para posibles contratacións de Peóns aprobadas pola X.G.L. en data 28/12/2016, e, para dito efecto, concederlle aos candidatos un prazo de 2 días hábiles (desde que se lles comunique a preselección) para que aleguen os méritos que quen que se lles valoren e para que aporten a documentación que os xustifique.

Presentada a citada oferta e recibidos os currículums de demandantes que, segundo o Servizo Público de Emprego de Galicia se axustan ao perfil profesional que se solicitou, que constan no formulario de selección da oferta 12-2024-4094, e rematado o prazo de presentación de documentación para tomar parte no citado proceso de selección e logo de ver os informes e resto de documentación que constan no expediente electrónico, así como os prazos para a execución da subvención, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Admitir aos seguintes candidatos que constan no formulario de selección da oferta 12-2024-4094, remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Nome e apelidos
ROBERTO DIAZ SALIDO
JESÚS PÉREZ DIAZ

SEGUNDO.- Excluir aos seguintes candidatos que constan no formulario de selección da oferta 12-2024-4094, remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, polos motivos que se indican.

Nome e apelidos	Motivo
MANUEL CORTIZAS CAABEIRO	Non se puido contactar
JOSE MANUEL CORTIZAS DIAZ	Non estivo desempregado durante o proceso
ESTEBAN ESPÍNEIRA FERNANDEZ	Non estivo desempregado durante o proceso
JOSÉ FILGUEIRAS FRAGA	Rexeita presentarse ao posto
JOSE LUIS GARCÍA GARCÍA	Non estivo desempregado durante o proceso
JOSÉ LUIS RODRIGUEZ VÁZQUEZ	Rexeita presentarse ao posto
JOSÉ VARELA BLANCO	Non se contactou
FRANCISCO VAZQUEZ VALIÑO	Non se puido contactar

TERCEIRO.- Realizar a valoración dos méritos de todos os candidatos que solicitaron participar no proceso, segundo o indicado na Resolución desta Alcaldía 146/2024 de data 02/05/2024 de acordo aos criterios establecidos no punto 10 das Bases elaboradas para posibles contratacións de Peóns aprobadas pola X.G.L. en data 28/12/2016.

CUARTO.- Designar como membros do Tribunal de selección ás seguintes persoas:

- Presidente Titular: D. José Amando Pena Vila
Suplente: D.^a María Sanmartín Varela

- Vogais: Titulares 1.- D.^a Olga Anca Varela.
 2.- D.^a María Vanessa Bouza Martínez
 3.- D.^a Ruth Álvarez Grande.
Suplente: D. Carlos Blanco Vila

- Secretario Titular: D. Baldomero Beceiro Alonso.
Suplente: D.^a Ana Ocampo Pérez Gorostiaga.

QUINTO.- Convocar aos membros do Tribunal, co obxecto de valorar os méritos dos candidatos e facer a proposta de selección ás 13:00 horas do día 23 de maio de 2024, xoves, na Casa do Concello, cuxo resultado publicarase deseguido no Taboleiro de Anuncios Electrónico Municipal.

SEXTO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello e notificala aos membros do Tribunal, que terán o expediente á súa disposición na Secretaría do Concello.

Monfero, 20 de maio de 2024
O Alcalde,
Andrés Feal Varela